

OBRADOIRO LITERARIO. IES A Sangriña, A Guarda.

Número de alumnado: 33 persoas.

Niveis de 2º, 3º e 4º de ESO e 1º de Bacharelato.

Dificultade: A mestura de niveis.

Avantaxe: esa mesma mestura de niveis contribúe a mostrar múltiples destrezas creativas.

1.- Hora. Todos somos escritores e escritoras. Comezamos coa ficción e o alumnado debe comportarse como un escritor ou escritora e responder a unha enquisa, sobre:

-Que é para Vostede a Literatura?

-Que é a poesía? Definiríase como poeta?

-Que é a narrativa? Definiríase como narrador/-a? Cultiva o relato breve?

-Que é o teatro? Considérase autor ou autora teatral? Ten participado dalgunha maneira nun espectáculo teatral.

2.- Hora. Formamos grupos dependendo da súa actividade literaria e da súa relación cos xéneros tradicionais: Poesía, Narrativa e Teatro.

Pode xurdir algún ou algunha cultivadora do ensaio e da crítica.

3.- Hora. Visualizamos a curtametraxe, Mamasunción de Chano Piñeiro. Despois cada persoa explicará os elementos da linguaxe audiovisual que máis lle chamaron a atención: a personaxe principal, o paso do tempo, a carta como metáfora, etc.

Finalmente, cada persoa, escribirá un texto, de calquera xénero, a partir dun tema que evoque o filme.

4.- Hora. Lectura do relato de Rafael Dieste, “A Volta” do libro *Dos arquivos do trasno*. Análise do relato e crítica sobre o mesmo. O obxectivo é chamar a atención sobre as técnicas narrativas e sobre o uso da linguaxe.

5 e 6 hora.- Lectura por parte dos e das creadoras dos seus textos. Comentarios.

7.-Hora. Lectura do “limiar” de *Dos arquivos do Trasnó* de Rafael Dieste. Aplicación desta técnica ao texto “*Na morte de Estreliña*” e o relato de Castelao: “Chamábanlle a Marquesiña” de *Cousas*.

Traballos de creación en prosa poética e mestura de xéneros literarios.

Lectura de textos poéticos de: Xosé María Álvarez Cáccamo, Antón Cortizas, María Reimundez e Paula Carballeira.

Xogo de Rimas e a musicalidade coa repetición de palabras e versos.

8 e 9 Hora. Creación de textos literarios sobre: o tempo, a morte e a paisaxe. (Temas propostos na aula). Todos os obxectos do cotián poden ser motivos de creación.

10 Hora. Conclusións.